

## ESTADO DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO DE INGRESOS

DATA: 31-12-2009

CORRESPONDENTE AO EXERCICIO CORRENTE

CENTRO: TODAS AS DELEGACIÓNS

Captulo	Liquidacións canceladas					Saldo dereitos recoñecidos
	Recadado	Devolucións	Recadación líquida	Baixas insolv. e outras causas	Total liquidacións canceladas	
I. Impostos directos	1.736.888.515,01	17.476.391,35	1.719.412.123,66	871.192,84	1.720.283.316,50	17.841.357,00
II. Impostos indirectos	2.111.623.421,98	8.049.740,76	2.103.573.681,22	110.413,06	2.103.684.094,28	15.621.707,84
III. Taxas, prezos e outros ingresos	156.643.359,42	2.658.127,79	153.985.231,63	148.431,92	154.133.663,55	14.787.673,98
IV. Transferencias correntes	5.756.136.654,87	0,00	5.756.136.654,87	0,00	5.756.136.654,87	64.945.634,82
V. Ingresos patrimoniais	21.094.231,52	32.426,11	21.061.805,41	0,00	21.061.805,41	0,00
VI. Alleamento investimentos reais	37.128.449,11	5.737,86	37.122.711,25	0,00	37.122.711,25	0,00
VII. Transferencias de capital	680.742.953,62	45.929,37	680.697.024,25	0,00	680.697.024,25	219.096.224,70
VIII. Activos financeiros	15.046.108,33	0,00	15.046.108,33	0,00	15.046.108,33	0,00
IX. Pasivos financeiros	936.273.583,00	0,00	936.273.583,00	0,00	936.273.583,00	0,00
Total xeral	11.451.577.276,86	28.268.353,24	11.423.308.923,62	1.130.037,82	11.424.438.961,44	332.292.598,34

## ESTADO E EVOLUCIÓN DA TESOURARÍA

Existencias a 1 de xaneiro		892.122,1	miles
Ingresos do período			
Orzamento corrente		11.423.308,9	
Residuos		85.419,7	
Extraorxamentarios		(78.172,6)	
Recursos outros entes		5.903,2	
SUMA		11.436.459,2	miles
Pagamentos do período			
Orzamento corrente		10.307.326,9	
Residuos		1.493.980,6	
Extraorxamentarios		(7.176,8)	
Recursos outros entes		6.307,2	
SUMA		11.800.437,9	miles
Existencias a fin de trimestre		528.143,3	miles

CONSELLERÍA DE CULTURA  
E TURISMO

*Corrección de erros.-Orde do 21 de abril de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións a entidades privadas para a potenciación e mellora do turismo mediante axudas para a mellora da infraestrutura de hoteis (grupo I) da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2010 (CT989A).*

Advertido erro na dita orde publicada no *Diario Oficial de Galicia* número 81, do venres 30 de abril de 2010, procede realizar a seguinte corrección:

Na páxina 7311, artigo 3, punto 4, onde di: «Os proxectos desenvolveranse no territorio de Galicia e financiaranse con cargo a fondos Feder, exceptuando os núcleos urbanos definidos como tales no planeamento urbanístico vixente, das cidades de Ferrol, Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago de

Compostela, A Coruña e Vigo, que se financiarán con cargo a fondos propios», debe dicir: «Os proxectos desenvolveranse no territorio de Galicia e financiaranse con cargo a fondos Feder, exceptuando os núcleos urbanos definidos como tales no planeamento urbanístico vixente, das cidades de Ferrol, Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo.»

Na páxina 7317, artigo 18, número 2, onde di: «Para cobrar a primeira anualidade (ano 2010) da subvención concedida, o beneficiario terá de prazo ata o 30 de novembro de 2010 para presentar nos lugares sinalados no artigo 3 da convocatoria a documentación que a continuación se indica:», debe dicir: «Para cobrar a subvención concedida, o beneficiario terá de prazo ata o 30 de novembro de 2010 para presentar nos lugares sinalados no artigo 3 da convocatoria a documentación que a continuación se indica:»

Na páxina 7317, artigo 18, punto 3, onde di: «O investimento xustificado ten que coincidir coa reso-

lución de concesión da subvención, ou as modificacións autorizadas. De non xustificarse o investimento executado correspondente á primeira anualidade quedará anulada toda a subvención, non obstante, se a xustificación fose inferior ao investimento previsto en calquera das anualidades, sempre que se manteña a finalidade da subvención, minorarase a concesión proporcionalmente ao investimento non xustificado e, para o caso de que o executado non cumprise o fin para o que se concedeu a subvención, quedaría anulada na súa totalidade», debe dicir: «O investimento xustificado ten que coincidir coa resolución de concesión da subvención, ou as modificacións autorizadas. De non xustificarse o investimento executado quedará anulada toda a subvención, non obstante, se a xustificación fose inferior ao investimento previsto, sempre que se manteña a finalidade da subvención, minorarase a concesión proporcionalmente ao investimento non xustificado e, para o caso de que o executado non cumprise o fin para o que se concedeu a subvención, quedaría anulada na súa totalidade».

*Orde do 12 de maio de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións a entidades operadoras de axencias de viaxe para a promoción e comercialización do destino Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2010 (CT983J).*

O turismo en Galicia estase a posicionar como un baluarte de enorme importancia dentro do panorama económico. Neste momento, Galicia posúe un produto turístico amplo e diversificado, que sitúa a nosa comunidade como un destino turístico preferente.

Na comunidade galega, como no resto do territorio do Estado, a actividade turística levada a cabo polas axencias de viaxe é un pilar fundamental do fenómeno turístico e son, sen dúbida, as artífices do auxe experimentado nos movementos de viaxeiros, de aí, a súa enorme importancia no sector, o que as constitúe no cimento en que se asentán ou no núcleo sobre o que gravitan bo número do resto de actividades turísticas.

Neste sentido, e na actualidade, as axencias de viaxe están asistindo a unha reestruturación do sector e a un cambio nas súas actividades tradicionais derivadas da existencia dunha maior exixencia na demanda por parte dos consumidores, as innovacións tecnolóxicas e o necesario aseguramento da calidade nos servizos. Todo iso fai necesario un esforzo constante na presentación de novos enfoques

e solucións imaxinativas para as empresas do sector de xeito que creen novos servizos mellor adaptados á demanda.

Así, as axencias de viaxe enmarcadas na nosa comunidade, como principal expoñente e medio condutor que dá a coñecer a abundante e múltiple oferta turística existente no noso territorio, teñen un reto neste momento que derive na expansión, comercialización e difusión da oferta turística de Galicia en todos os ámbitos. Por iso, deben dar un asesoramento experto e especializado e xestionar de maneira activa o mercado turístico, a través da confección de viaxes á medida para cada cliente, ofertar novos servizos máis personalizados acordes coas tendencias que apuntan os mercados, e neste caso o mercado que demanda oferta galega, tendo en conta que a organización, creación e venda dun produto turístico implica coñecer a oferta turística e as actividades que se poden realizar na zona.

Por outra parte, o programa operativo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional Galicia 2007-2013 é un documento de programación comunitaria aprobado pola Comisión Europea que recolle a articulación da estratexia da Xunta relacionada con distintos eixes prioritarios de intervención. Nestes eixes establécense medidas dirixidas á mellora da calidade de vida nas zonas rurais e medidas para mellorar os servizos turísticos, tales como a reforma e modernización do turismo dado o carácter prioritario do sector do turismo na comunidade autónoma.

Deste xeito, a Consellería de Cultura e Turismo, a través da Secretaría Xeral para o Turismo, quere propiciar un marco favorable para a creación e desenvolvemento de iniciativas turísticas de calidade dado o peso do sector turístico no conxunto da economía da nosa comunidade autónoma que se reflicte no impulso das economías locais e na creación de emprego.

En consecuencia e con cargo aos créditos da Consellería de Cultura e Turismo asignados para esta finalidade, e todo isto consonte o establecido sobre medidas de fomento no artigo 54 da Lei 14/2008, do 3 de decembro, de turismo de Galicia, en concordancia co sinalado no artigo 55 da dita lei e tendo en conta o determinado na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, convócanse axudas destinadas a favorecer a comercialización do destino turístico de Galicia a través da modernización e actualización tanto de aplicación de novas tecnoloxías como da promoción